

Requisitos dos centros interesados en ofertar prazas para este programa:

As entidades prestadoras de servizos sociais que estean interesadas en ofertar prazas para este programa han de ter inscrito, no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS) como parte da súa carteira de servizos, o servizo de respiro familiar a través de atención residencial.

Para a inscrición do servizo de respiro no RUEPSS, deberán presentar a correspondente solicitude dirixida a Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de servizos sociais conforme ás instrucións establecidas na seguinte ligazón:

http://avepss.traballoebeneficencia.xunta.es/anotar_no_ruepss.html

e indicarán explicitamente se as prazas ofertadas son para:

- persoas con discapacidade maiores de 16 anos
- persoas maiores de 60 anos
- ambas tipoloxías

Así como a modalidade de prestación do servizo:

- Estadía de fin de semana
- Estadía quincenal
- Ambas modalidades

A presentación da solicitude de rexistro deste servizo implica para a entidade o coñecemento, a aceptación e a obriga de prestar o servizo conforme ás condicións que se establecen tanto para o tipo e duración das modalidades coma para os servizos que se han de prestar.

Aquel centro que reúna os requisitos establecidos ademáis de figurar no RUEPSS tamen se incorporará ao listado que se pode consultar na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar e no MATIASS para o coñecemento das persoas interesadas e dos profesionais.